



RESOLUCIÓN

APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS PARA PROCESOS SELECTIVOS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL E CONFIGURACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO PARA DIVERSOS POSTOS OFERTADOS NO CONCELLO DO CARBALLIÑO.

Tendo en conta as “Instrucións sobre procedemento e réxime de autorización para a incorporación de persoal temporal no Concello do Carballiño” aprobadas en sesión plenaria de data 02/02/2017 considerando a declaración de servizos prioritarios nesta Corporación celebrada ó efecto.

Considerando a negociación sindical previa en Mesa Xeral cos sindicatos que a conforman e acadado o acordo sobre os criterios xerais que deben rexir nos procesos de selección de persoal laboral temporal para o Concello do Carballiño e a configuración de bolsas de emprego creadas ó efecto.

Tendo en conta os informes de Secretaría e Intervención relacionados coas convocatorias dos postos seguintes: Bolsa de Emprego Profesor de Percusión para o Conservatorio Municipal, Bolsa de Emprego Profesor de vento/metal para o Conservatorio Municipal, Bolsa de Emprego de Operarios Limpeza Edificios Públicos, Bolsa de Emprego de Operarios Conductores.

En consecuencia, e no uso das atribucións que me corresponden por delegación do Sr. Alcalde de 25/06/2015 e demais normativa reguladora nesta materia.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as bases ESPECÍFICAS reguladoras de procesos selectivos para a contratación temporal e configuración de bolsas de emprego para os postos seguintes configuradas as mesmas polos ANEXOS I e II correspondentes e que se adxuntan a esta resolución:

Nº Ofertados	Puestos	Denominación	Duración Estimada	Jornada	Tasas
BOLSA EMPLEO		Profesor de Percusión para Conservatorio Municipal	Según necesidades	20 h/sem	16,20 €
BOLSA EMPLEO		Profesor de Vento/Metal para Conservatorio Municipal	Según necesidades	20 h/sem	16,20 €
BOLSA EMPLEO		Operario Conductor	Según necesidades	Completa	5,40 €
BOLSA EMPLEO		Operario Limpieza Edificios Públicos	Según necesidades	Completa	5,40 €

SEGUNDO: Tendo en conta o estipulado na base décimo segunda das bases xerais reguladoras aprobadas mediante resolución da concellería de persoal de data 13/03/2017 e debido á urxencia de resolver estas convocatorias establécese un prazo de **5 días hábiles** para a presentación de instancias contados a partires da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Ourense.

TERCEIRO: Ordenar a publicación destas bases e de toda a información relativa a estes procedementos na páxina web municipal www.carballino.gal así como o modelo de instancia correspondente ós mesmos.

En O Carballiño, a 1 de agosto de 2017.

O Concelleiro

A Secretaria ACCTAL
Fé Pública

Adolfo Nogueira Campo

Mª Gemma Rguez Glez